



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. AXENCIA TRIBUTARIA

ACCION SOCIAL 2020

Comisión Paritaria e de Valoración de Acción Social - 15.10.2020

No día de onte tivemos reunión da Comisión Paritaria y de Valoración de Acción Social, co obxecto de facilitarnos información sobre a execución do Plan de Acción Social deste ano así como para a resolución das axudas de carácter excepcional (rupturas familiares, falecemento de cónxuxe, violencia de xénero e gastos de tratamentos de saúde extraordinarios).

Analizadas as solicitudes das axudas excepcionais, nas súas distintas modalidades, ficaron pendentes de resolver aquelas que foron requeridas pola Administración e que están pendentes de aportar documentación. A resolución destes expedientes está prevista para a vindeira reunión, que terá lugar a primeiros do mes de novembro, antes da data de peche da nómina deste mes. Nesta liña, informáronnos de que se aboarán na **nómina de outubro** as axudas correspondentes as modalidades de Discapacidade, Xubilación, Falecemento, e as Excepcionais que foron valoradas, podendo quedar algúns expedientes pendentes de pago para seren aboados na vindeira **nómina do mes de novembro**, xunto co resto das axudas de acción social.

Informóusenos tamén, que na vindeira reunión prevista para o mes de novembro, tentarase achar solución á problemática que a crise sanitaria xerou na modalidade de axudas por promoción do persoal, xa que hai solicitantes que se verán afectados por dúas convocatorias ao verse alterados os calendarios dos exames dos diferentes procesos selectivos. Neste sentido tentarase que ninguén saia perxudicado. Coméntasenos tamén, que aínda que se analizará caso por caso, non se atenderán aquelas solicitudes presentadas fóra de prazo.

En relación co remanente deste ano, a información proporcionada pola Administración non é definitiva, por mor da cantidade de solicitudes pendentes de achegar documentación, sobre todo de carácter excepcional, polo que até finais deste mes é posíbel que non se coñeza o seu montante final e polo tanto a súa posterior distribución.

Dende a **CIG** reclamamos unha maior implicación da Dirección da AEAT na elaboración dos Presupostos, de xeito que permita aumentar significativamente a actual dotación económica do Plan de Acción Social.

Seguiremos informando!

CIG - Axencia Tributaria

Delegación AEAT A Coruña

Tfne: 981 61 68 89 Ext: [868 89](tel:981616889) - Fax: 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM